

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES PROVISORIAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE E EXCLUÍDAS NA CONVOCATORIA DE BOLSAS DESTINADAS A ESTUDANTES DE ENXEÑARÍAS PARA REALIZAR ESTADÍAS CUADRIMESTRAIS NO CURSO 2023-2024, DENTRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O *GLOBAL EDUCATION: EXCHANGE FOR ENGINEERS AND ENTREPRENEURS (GE4)*

O 23 de xaneiro de 2023 publicouse a resolución reitoral coas bases reguladoras e a convocatoria de prazas e bolsas para a selección de estudantado que realizará unha estadía de estudos, no marco da rede GE4, para o curso 2023-2024.

O día 30 de xaneiro rematou o primeiro prazo de presentación de solicitudes polo que, seguindo co establecido na base 4.1 da convocatoria, esta Reitoría

RESOLVE:

1. Publicar a listaxe provisoria de solicitudes admitidas para realizar estadías no primeiro cuadrimestre do curso 2023-2024:

Nome	Apelidos	Titulación
Martín	Blanco Prego	Grao en Enxeñaría en Mecánica

As persoas interesadas poderán formular alegacións contra esta resolución no prazo de **cinco días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución**, achegando, se é o caso, a documentación necesaria ou emendando a falta, mediante [SXER-Instancia Xenérica](#) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>).

Transcorrido o prazo de alegacións, procederase á publicación da resolución definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño